

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O 23 DE MARZO DE 2016,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA

- Decreto polo que se declara en concreto a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de construción de mellora do trazado na AC-133, treito p.q. 9+600 ao 10+000, de clave AC/12/095.06.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Decreto polo que se modifica o Decreto 52/2014, do 16 de abril, polo que se regulan as instrucións xerais de ordenación e de xestión de montes de Galicia.

ACORDOS

**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA**

- Acordo polo que se autoriza a subscrición do convenio de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e os concellos galegos do Camiño Francés para actuacións de mantemento e conservación do Camiño Francés, e de atención e información ao peregrino, por importe total de trescentos sesenta e tres mil con trescentos cincuenta euros (363.350,00€).
- Acordo polo que se autoriza a subscrición do convenio de colaboración plurianual entre a Axencia Turismo de Galicia e a Universidade de Santiago de Compostela para o desenvolvemento da Cátedra Institucional de Hidroloxía Médica da Universidade de Santiago de Compostela (USC), por importe total de setenta mil euros (70.000,00€).

- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e o Seminario Maior Compostelano para dar a coñecer o mosteiro de San Martiño Pinario, por importe total de cincuenta e sete mil euros (57.000,00€).

CONSELLERÍA DO MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio entre a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio e o Concello de Antas de Ulla, para urbanización e mellora de accesibilidade e seguridade vial no núcleo urbano de Antas de Ulla (rúa Castro Seoane, rúa Nova e travesía da rúa Nova), por un importe de douscentos vinte e sete mil catrocentos noventa e tres euros con noventa e catro céntimos (227.493,94€).

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de gasto relativo á contratación da xestión de servizos públicos, na modalidade de concerto, para a reserva e ocupación de prazas no servizo de atención residencial terapéutica para persoas con discapacidade intelectual e enfermidade mental asociada. Tramitación documentalmente simplificada (expediente: PA 7/2016). Importe do orzamento: cincocentos corenta e seis mil douscentos noventa e un euros con vinte céntimos (546.291,20€). Valor estimado: vinte e dous millóns setecentos noventa e tres mil catrocentos euros (22.793.400,00 €).

INFORMES

CONSELLERÍA DE FACENDA

- Informe sobre as actuacións de control tributario 2015 e o Plan de Control Tributario 2016.

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA

- Informe sobre o concurso de ideas para definir a integración da actual estación de autobuses de Santiago no complexo administrativo de San Caetano.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

- Informe sobre o programa Reacciona: balance 2013-2015 e convocatoria 2016-2018.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre a Estratexia de atención integral á Dor.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

- Informe sobre o Programa do servizo de voluntariado xuvenil. Análise dos resultados do período 2011-2015.

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA AS EXPROPIACIÓNS PARA A EXECUCIÓN DA MELLORA DO TRAZADO DA ESTRADA FENE- MUGARDOS, EN FONTE GRANDE

- *A Consellería de Infraestruturas financia estas actuacións mediante a achega de preto de 220.000 euros*
- *Estas actuacións teñen como obxecto a mellora da estrada entre os puntos quilométricos 9+600 e 10+000, onde se localizan dúas curvas de raio reducido, que se eliminarán executando un trazado alternativo máis cómodo e seguro*
- *Tamén se prevé a optimización de dúas interseccións existentes, nas cales se habilitará unha semiglorieta que permitirá os xiros e o cambio de sentido en condicións máis seguras*
- *A Xunta, coa execución destas obras, dá cumprimento a unhas actuacións moi demandadas polos veciños da zona*


O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto polo que se declara a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de construción de mellora do trazado na estrada Fene-Mugardos (AC-133), en Fonte Grande.

O Goberno galego, a través da Axencia Galega de Infraestruturas, financia este proxecto mediante a achega dun investimento de máis de 220.000 euros.

Estas actuacións teñen como obxecto a mellora da estrada autonómica AC-133, entre os puntos quilométricos 9+600 e 10+000, no concello de Mugardos. Neste treito da infraestrutura localízanse dúas curvas de raio reducido, que se eliminarán executando un trazado alternativo máis cómodo e seguro.

Ademais, prevese a optimización de dúas interseccións existentes, nas cales se habilitará unha semiglorieta que permitirá os xiros e o cambio de sentido en condicións máis seguras. A primeira é a situada no p.q. 9+600, cruzamento coa estrada DP-3504, na cal se disporá un central de espera, para o que será necesario ampliar a plataforma da estrada neste punto; e a segunda é o cruzamento coa vía municipal coñecido como rúa Peneda.

A Xunta, co avance nestas actuacións, cumpre o seu compromiso cos veciños desta zona, que viñan solicitando a mellora desta estrada. Coa realización deste proxecto preténdese, por unha parte, aumentar a comodidade da circulación ao ampliar o raio das curvas, e ademais incrementar a seguridade e facilitar os xiros en condicións máis seguras, reordenando as interseccións existentes no tramo.



A XUNTA AMPLÍA ATA 2020 O PRAZO PARA QUE OS MONTES CERTIFICADOS SE ADAPTEN ÁS INSTRUCIÓN DE ORDENACIÓN E XESTIÓN FORESTAL

- ***Por petición do sector, o Goberno galego aprobou un decreto para equiparar estes terreos forestais co resto de montes no relativo ao prazo para adaptarse á normativa en vigor***

A Xunta ampliará ata o 2020 o prazo para que os terreos forestais con certificado de xestión sustentable se adapten ás preceptivas instrucións xerais de ordenación e xestión de montes. O Consello da Xunta aprobou hoxe un decreto neste sentido, que facilitará a adaptación dos propietarios forestais con montes certificados á normativa derivada da Lei de montes de Galicia.

Esta lexislación establece que a data límite para a ordenación dos montes e que se doten coas referidas instrucións é o 8 de maio de 2020. No caso dos terreos forestais certificados, inicialmente reducíase este prazo a só un ano, polo que, a petición do propio sector, decidiuse modificar a normativa e ampliar o dito período.

Este cambio fíxose porque en Galicia xa existía unha importante superficie de monte acreditado antes da aprobación do decreto que regula as instrucións xerais de ordenación e de xestión de montes, en desenvolvemento da referida Lei de montes.

A certificación forestal é un mecanismo de mercado que ten como obxectivo permitir ao consumidor final optar por produtos procedentes de montes cunha xestión forestal sustentable e, pola súa vez, xerar un valor engadido para os xestores destes montes e toda a cadea industrial. A demanda deste tipo de produtos é crecente e inflúe na competitividade do sector forestal de Galicia.

Coa modificación desta norma garántese o futuro da certificación forestal en Galicia evitando prexuízos aos silvicultores que dispoñen dun certificado de xestión forestal sustentable mediante un sistema de certificación forestal internacionalmente recoñecido e ao conxunto da industria forestal. Así, equipáranse os montes con certificación forestal sustentable co resto de terreos no relativo ao prazo para adaptarse á normativa en vigor.

TURISMO REAFIRMA A SÚA APOSTA POLA CONSERVACIÓN DO CAMIÑO FRANCÉS E A ATENCIÓN AOS SEUS PEREGRINOS

- *O Consello da Xunta aprobou hoxe a subscrición do convenio de colaboración entre Turismo de Galicia e os concellos galegos do Camiño Francés*
- *Turismo de Galicia posibilitará, cunha achega de 363.350 euros, actuacións encamiñadas ao mantemento e conservación desta Ruta Xacobeas e á atención e información continuada e específica de todo o Camiño e do fito xacobeo aos peregrinos*
- *O Camiño Francés é o itinerario máis transitado , polo que necesita un valor máis alto de protección, así como unha atención aos peregrinos continuada*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o proxecto de acordo polo que se autoriza a subscrición do convenio de colaboración entre Turismo de Galicia e os concellos galegos do Camiño Francés-Arzúa, Melide, Monterroso, Palas de Rei, Paradela, Pedrafita do Cebreiro, O Pino, Portomarín, Samos, Sarria e Triacastela-.

A través deste convenio, Turismo de Galicia reafirma a súa aposta pola conservación de mantemento do Camiño Francés, o itinerario máis importante e transitado das Rutas Xacobeas, cunha achega de 363.350 euros.

Grazas a este investimento os concellos galegos polos cales transcorre o Camiño Francés a Santiago poderán levar a cabo diversas actuacións encamiñadas ao mantemento e conservación desta Ruta Xacobeas e á atención e información continuada e específica de todo o Camiño e do fito xacobeo aos peregrinos.

Así, mediante o acordo os concellos que atravesas o Camiño Francés en Galicia comprométese a realizar as tarefas de limpeza e roza do mato por medios manuais e a súa retirada e a adoptar todas as medidas que sexan necesarias para evitar a deterioración ou destrución do camiño.

Por outra parte, os ditos concellos levarán a cabo unha atención e información continuada e específica de todo o Camiño Francés e do fito xacobeo aos peregrinos mediante a contratación de persoal con formación en turismo e coñecementos do Camiño de Santiago entre os meses de abril e setembro –ambos incluídos-, a actualización continua da información facilitada a través das súas páxinas web e a edición de material informativo específico.

A Ruta Xacobeas máis transitada

O Camiño Francés conta con importantes distincións como o primeiro itinerario cultural europeo, ben de interese cultural ou patrimonio da humanidade, entre outras, e constitúe a Ruta Xacobeas máis importante.

Pero non só é o Camiño mais distinguido dos que levan a Santiago senón tamén o mais transitado, polo que necesita un valor máis alto de protección, así como unha atención aos peregrinos continuada.

No pasado ano, o Camiño Francés foi o itinerario escollido polo 65,61% dos peregrinos que obtiveron a súa Compostela. Así, esta Ruta Xacobeana foi percorrida por un total de 172.243 peregrinos.

Neste ano, esta vertente do Camiño de Santiago continúa sendo a máis transitada ao acoller xa a máis de 3.500 peregrinos, o que supón máis do 65% do total.

TURISMO DE GALICIA AFIANZA A SÚA COLABORACIÓN COA CÁTEDRA DE HIDROLOXÍA MÉDICA DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO

- *Turismo de Galicia apoiará o desenvolvemento desta cátedra mediante unha axuda directa de 70.000 euros pola importancia desta oferta educativa superior e o esforzo que supón o seu desenvolvemento con altos niveis de calidade*
- *Este acordo reflicte a aposta da Xunta de Galicia por impulsar as iniciativas conducentes á formación de profesionais de alto nivel para a dirección e a planificación de actividades, empresas e entidades turísticas*
- *A Cátedra de Hidroloxía Médica da USC, a primeira en Galicia e a segunda existente en España, leva dende 2010 formando máis dun centenar de futuros médicos neste eido cada curso*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración entre Turismo de Galicia e a Universidade de Santiago de Compostela para o desenvolvemento da cátedra institucional de Hidroloxía Médica.

Este acordo reflicte a aposta da Xunta de Galicia por impulsar as iniciativas conducentes á formación de profesionais de alto nivel para a dirección e a planificación de actividades, empresas e entidades turísticas, e a formación de expertos que orienten a súa carreira profesional ao ámbito da investigación nesta área, por considerar que o turismo e, en concreto, o turismo termal é un sector clave no desenvolvemento económico e social de Galicia.

Así, Turismo de Galicia, consciente da importancia desta oferta educativa superior e do esforzo, tamén económico, que supón o desenvolvemento con altos niveis de calidade, acorda apoiar o desenvolvemento da cátedra institucional de Hidroloxía Médica da USC mediante unha axuda directa de 70.000 euros, coa seguinte distribución: 35.000 € no 2016 e 35.000 € no 2017.

Grazas ao dito convenio, Turismo de Galicia e a Universidade de Santiago colaborarán na celebración de cursos, seminarios, conferencias e outras actividades académicas que redundan na difusión, o coñecemento e a práctica da Hidroloxía Médica e permitiron aos alumnos obter uns coñecementos básicos sobre as características das augas minero-medicinais e as súas aplicacións terapéuticas.

Ademais, o acordo permitirá a promoción e a organización de actividades académicas que contribúan a facilitar a reflexión e o debate médico entre profesores e médicos de balnearios, co fin de acadar o seu mutuo enriquecemento intelectual e a mellora da súa formación médica e universitaria.

Así mesmo, promoverase a investigación no campo da hidroloxía médica e favorecerase a difusión e o coñecemento das investigacións realizadas mediante publicacións e outras accións de comunicación.

Cátedra de Hidroloxía Médica

A cátedra de Hidroloxía Médica da USC, a primeira en Galicia e a segunda existente en España, leva dende 2010 formando máis dun centenar de futuros médicos neste eido cada curso.

Ademais das clases teóricas, os alumnos teñen a oportunidade de realizaren prácticas en balnearios, o que lles permite coñecer como os facultativos dos establecementos termiais aplican diferentes técnicas para o tratamento de enfermidades e doenzas diversas.

A isto hai que engadir o máster que se imparte na Universidade de Vigo sobre Dirección e planificación do turismo interior e de saúde, que ofrece aos seus alumnos todas as ensinanzas necesarias sobre o aproveitamento turístico dos recursos termiais.

O feito de contar cunha docencia específica sobre o turismo de saúde na comunidade incrementa non só a formación e a investigación no sector, senón tamén a súa competitividade e especialización.

TURISMO DE GALICIA E O SEMINARIO MAIOR COMPOSTELANO COLABORARÁN NA DIFUSIÓN DO MOSTEIRO DE SAN MARTIÑO PINARIO

- *Trátase dun dos conxuntos histórico-artístico máis importantes de Europa, que se sitúa, polas súas dimensións, no segundo lugar de España no que a construcións relixiosas se refire*
- *Grazas ao convenio de colaboración aprobado hoxe polo Consello da Xunta desenvolveranse dous programas que darán a coñecer este conxunto histórico e artístico da cidade de Compostela*
- *Os programas estarán dirixidos aos alumnos de educación primaria, secundaria e bacharelato e a diversos sectores de poboación como asociacións de veciños, centros da terceira idade ou grupos de peregrinos, entre outros*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o proxecto de acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración entre Turismo de Galicia e o Seminario Maior Compostelano para dar a coñecer o mosteiro de San Martiño Pinario.

Trátase dun dos conxuntos histórico-artístico máis importantes de Europa, que se sitúa, polas súas dimensións, no segundo lugar de España no que a construcións relixiosas se refire.

A través do convenio de colaboración Turismo de Galicia achegará nas anualidades 2016, 2017 e 2018 19.000 euros, o que supón unha contía total de 57.000 euros.

Grazas ao acordo desenvolveranse dous programas que darán a coñecer este conxunto histórico e artístico da cidade de Compostela.

Por unha parte, levarase a cabo un programa dirixido aos alumnos de educación primaria, secundaria e bacharelato no cal se desenvolverán talleres didácticos na igrexa monacal e no museo, a cargo de persoal con formación terciaria en historia da arte que posúa, ademais, aptitude pedagóxica.

Os talleres, que terán unha duración de arredor de 60 minutos e poderán ser realizadas en dúas quedas polas mañás e nunha polas tardes articularanse en tres partes, a visita á igrexa, comezando pola explicación da fachada desta e a igrexa monacal, o percorrido do museo e a exhibición dun vídeo que permita observar detalles non perceptibles a simple vista.

Para un mellor proveito da actividade, os grupos non superarán os 35 participantes e proporcionarase aos centros educativos material audiovisual e unha serie de fichas de traballo cuxo contido didáctico estará adaptado á idade dos estudantes visitantes e

permitirá realizar un labor previo á visita, así como unha serie de traballos posteriores que consoliden a adquisición de coñecementos.

No marco deste programa, promoverase, así mesmo, anualmente, un certame de debuxo e pintura entre todos os alumnos visitantes.

Pola súa parte, o outro programa estará dirixido a diversos sectores de poboación como asociacións de veciños, centros da terceira idade ou grupos de peregrinos, entre outros, e terá, en termos xerais, unha organización similar ao dirixido aos alumnos de educación primaria, secundaria, e bacharelato, adaptando o seu contido ás características de cada grupo.

O CONSELLO DA XUNTA APROBA INVESTIR MÁIS DE 227.000 EUROS NA URBANIZACIÓN E MELLORA DA ACCESIBILIDADE DE ANTAS DE ULLA

- *Os traballos centraranse na rúa Castro Seoane, rúa Nova e travesía da rúa Nova*
- *Entre outras medidas, está prevista a demolición de beirarrúas, a limpeza do firme, a pavimentación de rúas, a instalación de mobiliario urbano e a actualización da iluminación pública*
- *Trátase da segunda actuación que se executa nesta localidade con cargo ao plan Hurbe*

O Consello da Xunta deu hoxe o visto e praxe ao convenio que establece as bases de colaboración e cooperación técnica e económica entre a Xunta de Galicia e o Concello de Antas de Ulla para a realización das obras de urbanización e mellora de accesibilidade e seguridade viaria no núcleo urbano de Antas de Ulla (rúa Castro Seoane, rúa Nova e travesía da rúa Nova), cun orzamento total de 227.493,94 €.

As obras que se prevén realizar abranguen: a demolición de beirarrúas e limpeza do firme das beiras da rúas; a pavimentación e acondicionamento da rúa Castro Seoane, cunha media de 7,20 m de largo, excepto no acceso ao complexo castrexo Castro Seoane (9,00 m), no acceso ás instalacións deportivas (10,70 m) e no amiño de Vilación (11,25 m); a instalación de mobiliario urbano como papeleiras, chitos e elementos garda-beirarrúas de formigón para delimitar a calzada e a zona peonil; e a actualización da iluminación pública na zona de peóns e na de tráfico, con novas lámpadas de maior rendemento e menor consumo.

Cabe destacar que esta é a segunda actuación que se executa no concello de Antas de Ulla con cargo ao plan Hurbe 2010-2016. En xullo de 2015 asinouse un convenio para o acondicionamento da praza de España por un valor superior aos 284.000 euros. Estes traballos xa remataron o pasado mes de decembro.

Plan Hurbe

O plan Hurbe 2010-2016 nace como resposta á necesidade da humanización das vilas de Galicia. Tendo en conta o modelo social de integración cidadá, busca o achegamento das tramas urbanas aos seus habitantes mediante a adecuación e creación de espazos públicos para as necesidades vixentes.

Segundo o plan de investimentos da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, o departamento destinará máis de seis millóns de euros, dos cales preto de catro serán para nova actuacións, que permitirán realizar investimentos en arredor de 20 concellos. O orzamento investirase, principalmente, na humanización de rúas e na urbanización e mellora de espazos públicos.

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA O CONTRATO PARA A OCUPACIÓN DE 32 PRAZAS DE ATENCIÓN RESIDENCIAL TERAPÉUTICA PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELECTUAL E ENFERMIDADE MENTAL ASOCIADA

- *O contrato terá un orzamento de 546.291,20 euros dos que o 85% (464.347,52 euros) serán achegados pola Xunta de Galicia e será prorrogable ata acadar a duración máxima de 20 anos*
- *A creación e implantación de prazas nos servizos de atención residencial contribúe á implantación dun sistema de atención social especializada, que ten en conta as necesidades das persoas con dificultades, así como das súas familias*
- *Esta actuación vén a complementar os servizos da Lei de Dependencia para as persoas con discapacidade intelectual e enfermidade mental asociada que son un dos colectivos que máis atención precisa na nosa comunidade*
- *O presente contrato dá resposta á demanda rexistrada no SAAD do servizo de atención residencial, así como á demanda potencial procedente do censo de discapacidade*

O Consello da Xunta acaba de aprobar o contrato de xestión de servizos públicos, na modalidade de concerto, para a reserva e ocupación de 32 prazas no servizo de atención residencial terapéutica para persoas con discapacidade intelectual e enfermidade mental asociada, en situación de dependencia. Este contrato, da Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade da Consellería de Política Social, terá un orzamento de 546.291,20 euros, dos cales o 85% (464.347,52 euros) serán achegados pola Xunta de Galicia. O contrato será prorrogable ata acadar a duración máxima de 20 anos. Esta actuación complementa o Catálogo de servizos de atención á dependencia previstos na Lei de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia na medida en que dá resposta a unha necesidade real dos usuarios e, ademais, fomenta o emprego neste tipo de servizos.

A creación e implantación de prazas nos servizos de atención residencial contribúe á implantación dun sistema de atención social especializada, que ten en conta as necesidades das persoas con dificultades, así como das súas familias. A través da aprobación deste contrato diminúese o déficit de recursos especializados na atención das persoas en situación de dependencia, evitando que esta situación constitúa un factor máis de illamento ou exclusión social, tanto da persoa en situación de dependencia como da súa familia.

As persoas con discapacidade intelectual e enfermidade mental asociada son un dos colectivos que máis atención precisa na nosa comunidade. Neste momento Galicia conta con 22 prazas públicas de atención residencial en centros para persoas gravemente afectadas, cun réxime de internado de 365 días. A oferta dispoñible, non cobre a demanda rexistrada a través do Sistema para a promoción da autonomía e

atención á dependencia (SAAD), constituída por máis de 100 persoas con diagnósticos de discapacidade intelectual e enfermidade mental asociada cun programa individual de atención (PIA) residencial para persoas con discapacidade, en toda a comunidade autónoma.

O presente contrato dá resposta á demanda rexistrada no SAAD do servizo de atención residencial, así como á demanda potencial procedente do censo de discapacidade. As persoas con discapacidade intelectual e enfermidade mental asociada adoitan desenvolver trastornos de conduta que poden alterar o normal funcionamento dos centros de atención a persoas con discapacidade intelectual e imposibilitar a consecución dos obxectivos para os cales están destinados sen que, ademais, poidan prestar a atención axeitada que require o colectivo de referencia. É por isto que se requiren recursos específicos para a atención das persoas con discapacidade mental e enfermidade mental asociada, sen prexuízo da intervención que proceda por parte dos servizos sanitarios naqueles casos en que as persoas usuarias non están estabilizadas dende o punto de vista clínico.

A AXENCIA TRIBUTARIA DE GALICIA FIXO AFLORAR 150 MILLÓNS DE EUROS DE DÉBEDA NON DECLARADA EN 2015 E ELEVOU UN 20% O IMPORTE OBTIDO POLO LABOR DE INSPECCIÓN

- *En termos homoxéneos, a Atriga incrementou nun 14% a cantidade acadada*
- *A Xunta revisou o pasado ano case 265.000 autoliquidacións dos principais impostos, un 2% máis que o ano anterior, no cal se fixera un plan especial*
- *O 88% das autoliquidacións comprobadas pola Administración galega eran correctas e non precisaron modificacións*

A Axencia Tributaria de Galicia (Atriga) detectou o pasado ano 150,1 millóns de euros de débeda non declarada, como reflicte un informe sobre as actuacións de control deste organismo presentado hoxe no Consello da Xunta polo conselleiro de Facenda, Valeriano Martínez. En termos homoxéneos isto supón un incremento sobre a cantidade obtida en 2014, e foi posible grazas ao incremento nun 20% do importe obtido a través dos labores de inspección.

O informe pon de manifesto que a Atriga realizou no pasado exercicio un total de 264.913 comprobacións de autoliquidacións, un 2% máis que no 2014, pese a que en 2015 non se realizou plan especial de loita contra a fraude fiscal. Estas comprobacións centráronse no eido do imposto de transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados (ITP-AXD) e do imposto de sucesións e doazóns (ISD), xa que ambos os impostos concentran a maior parte dos ingresos tributarios xestionados por este organismo da Xunta.

A cantidade obtida en 2015 pola Atriga supón un incremento en termos homoxéneos dun 14 % —19 millóns de euros máis— sobre a débeda que aflorou o ano anterior, dado que en 2014 se levou a cabo un plan especial de loita contra a fraude fiscal que supuxo uns ingresos de máis de 50 millóns.

Das 265.000 comprobacións efectuadas o pasado ano, no 88% dos casos a Administración confirmou que a autoliquidación do imposto presentada polo contribuínte era correcta. No resto dos casos, a Atriga practicou unha liquidación para que o contribuínte tribute conforme a legalidade. O número de liquidacións practicadas a raíz dunha comprobación foi de 30.669, unha cantidade inferior á de 2014 porque, precisamente, medrou a porcentaxe de contribuíntes que se adecuaron á normativa vixente.

Máis inspección

Ademais dos 110,8 millóns de euros obtidos a través das actuacións de xestión, a Axencia Tributaria de Galicia obtivo outros 39,3 millóns como consecuencia dos

labores de inspección. Isto supón un incremento do 20% en comparación cos 32,8 millóns detectados en 2014 a través dos procedementos de inspección tributaria.

A suma dos 110,8 millóns obtidos polas actuacións de xestión e dos 39,3 millóns dos labores de inspección conforman os 150,1 millóns que fixo aflorar a Axencia Tributaria de Galicia durante o pasado ano.

Aprazamentos e fraccionamentos

No ano 2015, os aprazamentos e fraccionamentos concedidos pola Axencia Tributaria de Galicia ascenderon aos 24,5 millóns, unha cantidade similar á do ano anterior (25,7 millóns). Entre 2009 e 2015 a Xunta concedeu aprazamentos por un importe medio anual de 23,7 millóns de euros, máis do dobre do importe medio concedido entre 2005 e 2008, que foi de 10,1 millóns de euros.

A concesión de aprazamentos e fraccionamentos permite aos contribuíntes afrontar o pagamento das súas débedas tributarias da forma que máis se acomode á súa situación financeira e de tesouraría, polo que as familias e empresas poden dispoñer de máis liquidez.

Neste sentido, a Xunta xa aprobou a ampliación de 18.000 a 30.000 euros o límite para que os contribuíntes poidan solicitar o aprazamento ou fraccionamento dun imposto sen teren que presentar garantía na Atriga, con independencia de que se atope en período voluntario ou en período executivo de pagamento. Con esta modificación, que xa está en vigor, os contribuíntes galegos teñen máis facilidades para cumprir coas súas obrigas tributarias, ao tempo que se dota de maior axilidade a xestión destas solicitudes.

A XUNTA CONVOCARÁ UN CONCURSO DE IDEAS PARA O DESEÑO DA CIDADE DE SAN CAETANO

- *O proxecto comprende a integración da actual estación de autobuses de Santiago no Complexo Administrativo de San Caetano*
- *O Consello acorda iniciar os traballos para aproveitar a oportunidade que representa a construción da nova terminal intermodal para a racionalización das instalacións do Goberno autonómico*
- *A Consellería de Infraestruturas convocará nas vindeiras datas o concurso, para cuxa resolución se prevé contar cun xurado de expertos e no cal se recoñecerán as tres mellores propostas*
- *O obxectivo é avanzar na racionalización dos edificios que albergan as dependencias da Xunta e facilitar as relacións dos cidadáns coa Administración, centralizando nun mesmo contorno o máximo posible de centros de actividade*
- *Os proxectos terán que prever a integración harmónica e estética do ámbito no actual complexo*
- *Trátase de acadar a mellor solución para a transformación da actual infraestrutura nun edificio administrativo actual, eficiente enerxeticamente e primando a súa funcionalidade*
- *As propostas deberán procurar un óptimo aproveitamento dos espazos, e prevén a instalación neles dunha escola infantil para os fillos dos empregados públicos*
- *Deberase concretar a capacidade da proposta, especificando o número de traballadores que porían acoller as novas dependencias, partindo dunha estimación preliminar de 1.300 empregados*
- *Ademais, deberá atender as novas demandas de aparcadoiro, os accesos peonís e rodados e a conexión entre ambos os edificios, ben sexa superficial ou soterrada*

O Goberno galego convocará un concurso de ideas para deseñar a futura Cidade de San Caetano. O proxecto contempla a integración da actual estación de autobuses de Santiago de Compostela no Complexo Administrativo de San Caetano. O Consello da Xunta avaliou hoxe un informe da Consellería de Infraestruturas e Vivenda que define o inicio dos traballos para aproveitar a oportunidade que representa a construción da nova terminal intermodal para a racionalización das instalacións do Goberno autonómico.


A actual estación de autobuses de Santiago é unha infraestrutura propiedade da Xunta con concesión ao Concello de Santiago para a súa explotación, que realiza a través da empresa municipal de transportes TUSSA. De acordo co establecido no protocolo asinado no ano 2009 entre o Goberno galego, o Ministerio de Fomento e o Concello de Santiago, unha vez construída a estación intermodal, a actual terminal será devolta ao Goberno galego para o seu uso administrativo.

Actualmente a Administración autonómica está a impulsar a estación intermodal, que integrará a estación de ferrocarril cunha nova estación de autobuses, e cuxo proxecto construtivo será adjudicado neste mes de marzo. Por ese motivo, o Goberno galego considera necesario comezar a definir o futuro da actual estación como edificio administrativo.

Para iso, a Consellería de Infraestruturas convocará nas vindeiras datas un concurso de ideas para o cal se concederá un prazo de presentación de propostas de dous meses. Un xurado de expertos avaliará os traballos e concederá un primeiro premio de 30.000 euros, un segundo de 20.000 euros e un accésit de 10.000 euros.

O obxectivo é avanzar na racionalización dos edificios que albergan as dependencias da Xunta e facilitar as relacións dos cidadáns coa Administración, centralizando nun mesmo contorno o máximo posible de centros de actividade.

Ámbito da actuación



Obxecto das propostas

As propostas que concorran ao concurso de ideas deberán propoñer a reforma, a ampliación, se procede, e a transformación do actual edificio da estación de autobuses de Santiago de Compostela nun edificio administrativo actual eficiente enerxeticamente

e primando a súa funcionalidade. Se fora preciso, a proposta incluírá a completa demolición da actual construción e a execución dun novo edificio.

Os proxectos terán que prestar especial coidado á integración harmónica e estética do ámbito no actual complexo. Ademais, considerarán as novas demandas de aparcadoiro, os accesos peonís e rodados e a conexión entre ambos os edificios.

Finalmente, as propostas deberán procurar un óptimo aproveitamento dos espazos, e prever a instalación neles dunha escola infantil para os fillos dos empregados públicos. Deberase ademais concretar a capacidade da proposta, achegando ratios de ocupación dos diferentes espazos e especificando o número de traballadores que porían acoller as novas dependencias. Nunha estimación preliminar, podería cuantificarse o número de postos de traballo en 1.300.

Proxectos coma este enmárcanse no novo plan patrimonial da Xunta, cuxo obxectivo é reducir en dous anos un 76% o gasto en alugueiros e obter 5,65 millóns de euros que se poderán utilizar na mellora dos espazos que xa son propiedade da Administración galega. Esta redución de gasto súmase ao aforro dun 30% acadado xa desde o ano 2009.

A XUNTA REFORZA CON 9 MILLÓNS DE EUROS A CAPACIDADE COMPETITIVA DAS PEMES GALEGAS E A SÚA ADAPTACIÓN Á INDUSTRIA 4.0

- *O programa ReAcciona, que busca mellorar a xestión das empresas mediante asesoramento especializado, leva a cabo este ano unha convocatoria específica para a implantación da fábrica intelixente e que sumará os esforzos do Igape e a Amtega*
- *Preto de 1000 empresas beneficiaranse deste programa para desenvolver un total de 1.500 proxectos de mellora*
- *A iniciativa prevé tamén a contratación de 100 bolseiros, que se suman aos 200 novos titulados que xa participaron no programa, dos cales máis da metade acadaron un emprego tras as prácticas*
- *As dúas primeiras edicións do ReAcciona permitiron desenvolver máis de 1.000 proxectos de mellora en máis de 600 pemes galegas*

O Consello da Xunta coñeceu hoxe da posta en marcha de tres liñas de apoio que suman 9 millóns de euros para reforzar a capacidade competitiva das pemes galegas e a integración das tecnoloxías da fábrica intelixente sobre a cal pivota a Industria 4.0. Os programas ReAcciona, ReAcciona TIC, e as bolsas ReAcciona, permitirán a preto de 1.000 empresas galegas acceder a máis de 1.500 servizos ata 2018 para melloraren a súa xestión e dixitalizaren os seus procesos.

A terceira edición do ReAcciona, dotado con 5,4 millóns de euros, permitirá que 600 pemes da comunidade se beneficien de 1.000 proxectos de mellora en determinados ámbitos de xestión, como o financeiro, de produción, comercial, ou estratéxico. O obxectivo fundamental do programa é apoiar as pequenas e medianas empresas galegas na profesionalización dos seus equipos directivos e de xestión, para fortalecerse como paso previo ao seu crecemento ou internacionalización.

Durante o desenvolvemento das dúas primeiras edicións participaron no programa ReAcciona 622 pemes e autónomos que executaron 1.035 proxectos de mellora, sumando investimentos próximos aos 5 millóns de euros. No que se refire ao perfil das empresas beneficiarias, predominan as industrias manufactureiras e o comercio, seguidos polas empresas dedicadas ás tecnoloxías dedicadas ao sector TIC. A satisfacción das compañías que participaron no programa ata o de agora é maioritario: o 77% das empresas participantes no ReAcciona esperan mellorar a xestión do seu negocio grazas aos servizos que se lles prestaron, e o 98% das delas recomendaríano a outras empresas.

Asesoramento cara á fábrica intelixente

Mantendo o espírito do programa ReAcciona e para avanzar no desenvolvemento da Axenda da Competitividade Galicia-Industria 4.0, este ano o Igape e a Amtega poñen en marcha o ReAcciona TIC, que posibilitará con 2,4 millóns de euros para facilitar a implantación de proxectos de mellora da competitividade en ámbitos da Industria 4.0 e da empresa dixital, mediante unha introdución efectiva das TIC na empresa. Os preto de 500 proxectos de mellora previstos, correspondentes a unhas 300 empresas, estarán dispoñibles a partir do segundo semestre de 2016 e serán prestados ás pemes por axentes colaboradores especializados.

Estes apoios inclúen o diagnóstico sobre a implantación de solucións dixitais e da Industria 4.0 e elaborarán unha folla de ruta para que as pemes implanten tecnoloxías como cloud ou Big Data; o acompañamento na posta en marcha de solucións tanto organizativas como tecnolóxicas; a xeración de modelos e simulación industrial en 3D para comprobar o comportamento de novos materiais ou pezas a partir de modelos matemático-informáticos; o soporte para a adopción de solucións de mobilidade; ou o apoio á posta en marcha de estratexias de márketing dixital.

O ReAcciona TIC súmase a varias iniciativas postas en marcha polo Goberno galego para a implantación da fábrica intelixente dentro da Axenda da competitividade Galicia-Industria 4.0, como o concurso de ideas, que apoiará con 4 millóns de euros catro proxectos para desenvolver tecnoloxías demostradoras da fábrica intelixente; a Iniciativa de captación de investimentos 4.0, que busca atraer proxectos de máis de 50 millóns no eido da fábrica intelixente, para os cales a Xunta pode comprometer apoios de ata o 40% do investimento total; o convenio Naval 4.0, que está a desenvolver xunto ao sector arredor do CIS Galicia para impulsar as tecnoloxías da fábrica intelixente nos estaleiros e a industria auxiliar; e varias das unidades mixtas de investigación, que están a impulsar a nova industria en eidos como o sector conserveiro.

Xunto aos programas ReAcciona e o ReAcciona TIC, o Consello coñeceu hoxe da inminente convocatoria dunha nova edición das bolsas Reacciona, que suma este ano un orzamento de 1,2 millóns de euros para a contratación de 100 mozos e mozas con título recente, que apoiarán as empresas ao longo da duración do ReAcciona, gañando experiencia profesional e abrindo unha fiestra ao mercado laboral. Durante as anteriores edicións destas bolsas, que beneficiaron ata o de agora 200 bolseiros, o 54,14% dos participantes que remataron a súa bolsa conseguiron a inserción laboral de inmediato.

SANIDADE IMPLANTARÁ ESTE ANO A ESTRATEXIA DE ATENCIÓN Á DOR INFANTIL EN TODAS AS XERENCIAS DO SERGAS

- *Varios grupos de expertos traballaron na definición de procedementos asistenciais en áreas como dose de analxesia na idade pediátrica ou atención ao paciente en idade pediátrica ao final da vida e os coidados paliativos*
- *Esta actuación está enmarcada na Estratexia Sergas de atención integral á dor, orientada a sensibilizar a sociedade, pacientes e profesionais de que a dor constitúe un problema de gran magnitude que dispón de opcións terapéuticas e eficaces*

O Conselleiro de Sanidade informou o Consello da Xunta dos avances na implantación da Estratexia Sergas de atención integral á Dor. Entre outros aspectos, Jesús Vázquez Almuiña destacou como prioritario para o 2016 consolidar o procedemento á dor no paciente en idade pediátrica e o deseño e implementación do Plan de formación/información en dor infantil dirixido a profesionais, pacientes, familias e cidadáns.

Durante o 2015, varios grupos de expertos traballaron na definición de procedementos asistenciais en áreas como dose de analxesia na idade pediátrica, bloqueos rexionais en pediatría, abordaxe psicolóxica da atención á dor en idade pediátrica e atención ao paciente en idade pediátrica ao final da vida e os coidados paliativos. Unha vez definidos e coa fin de estandarizar a práctica clínica, implantarase nos centros a partir de agora definindo os indicadores para avaliar a seguimento e os resultados conseguidos.

Esta actuación está a desenvolverse cos mesmos recursos actuais, e non supón un aumento de persoal ou recursos, senón que consisten en sistematizar a actuación clínica e, especialmente, formar e sensibilizar os profesionais, familiares e coidadores da importancia de abordar correctamente a dor.

Recomendacións europeas

Esta actuación está enmarcada nas recomendacións de organismos internacionais (OMS, Joint Commission) e coa Estratexia nacional de atención á cronicidade do Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade; así mesmo, enmárcase no primeiro eixe estratéxico da Estratexia Sergas 2020 de "Atención integral adaptada ás necesidades dos pacientes, familiares e coidadores".

En concreto, oriéntase a sensibilizar a sociedade, pacientes e profesionais de que a dor constitúe un problema real de gran dimensión que dispón de opcións terapéuticas adecuadas e eficaces na práctica totalidade dos casos.

Outras previsión de actuacións para 2016

Durante todo o ano 2016 consolidaranse estas liñas principais de actuación da Estratexia en Galicia para manter ao Sergas como referencia na atención á dor.

Esta estratexia do Servizo Galego de Saúde traballa na incorporación da valoración da dor como quinta constante para os pacientes ingresados, de xeito que non pase desapercibida e que o tratamento se adecúe á súa intensidade e ao seu impacto; avanzar na e-interconsulta entre primaria e especializada; implentar o procedemento da atención á dor crónica non oncolóxica nos servizos de Atención Primaria; e seguir traballando na formación de pacientes a través da escola de e-dor.

Ademais, implantarase o procedemento de atención ao paciente con dor crónica non oncolóxica no 60% dos centros de atención primaria do Sergas e realizarase a pilotaxe do rexistro de dor na historia clínica electrónica IANUS V5 en Atención Primaria, para garantir a continuidade asistencial ao paciente que sofre dor, mellorar a comunicación interniveis e previr eventos adversos.

Jesús Vázquez tamén sinalou o mantemento durante todo o 2016 da e-escola de dor, dirixida a cidadáns, pacientes e coidadores a través da Escola Galega de Saúde para Cidadáns. Inclusión de información dirixida a pacientes/familias e cidadáns sobre enfermidades musculoesqueléticas na infancia, así como o desenvolvemento dun Programa específico para a avaliación e ordenación das Unidades de Dor dos hospitais do Sergas a finais de 2016.

UN TOTAL DE 2.400 MOZOS E MOZAS DE GALICIA PARTICIPARON EN PROXECTOS SOLIDARIOS DE ENTIDADES E CONCELLOS AO ABEIRO DO PROGRAMA SERVIZO DE VOLUNTARIADO XUVENIL ENTRE 2011 E 2015

- *Trátase dun programa de educación non formal pioneiro en toda España e que consiste en incorporar ás entidades de acción voluntaria e ás entidades locais inscritas no Rexistro de Acción Voluntaria de Galicia a mozos e mozas de entre 16 e 30 anos para a súa colaboración como voluntarios/as na realización de proxectos*
- *A Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado prepara a orde da convocatoria deste ano, que previsiblemente se publicará a finais deste mes de marzo e contará cun orzamento de 375.000 euros*
- *Calcúlase que a Administración autonómica apoiará ao longo de 2016 ao redor de 160 proxectos voluntarios coa participación de 800 rapaces e rapazas*
- *Galicia é a única Comunidade Autónoma que, seguindo o modelo europeo, certifica a experiencia voluntaria; ademais de desenvolver actuacións encamiñadas a facilitar aos participantes a adquisición de coñecementos, habilidades e aptitudes que aumentan as súas posibilidades de empregabilidade*

O Consello da Xunta deu conta hoxe do informe presentado pola Consellería de Política Social sobre os resultados do programa Servizo de voluntariado xuvenil no cuatrienio 2011 a 2015, durante o cal participaron 2.400 mozos e mozas en diferentes proxectos solidarios de entidades e concellos e se investiron un total de 1.614.796,67 euros. A Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado prevé a publicación da nova orde de subvencións do programa para finais deste mes de marzo cun orzamento para 2016 dun total de 375.000 euros, dos cales 200.000 euros se destinarán entidades de acción voluntaria e os 175.000 euros restantes a entidades locais. Así mesmo, a convocatoria deste ano permitirá o financiamento de 160 proxectos voluntarios coa implicación neles de 800 persoas.

Galicia é a única Comunidade Autónoma que, seguindo o modelo europeo, certifica a experiencia voluntaria, unha das grandes novidades e vantaxes que se recolle na Lei de acción voluntaria aprobada polo Parlamento galego en novembro de 2011. Neste marco, o programa Servizo de Voluntariado Xuvenil é un programa de educación non formal pioneiro en toda España que se inspira no Servizo Europeo de Voluntariado. O programa consiste en incorporar ás entidades de acción voluntaria e ás entidades locais inscritas no Rexistro de acción voluntaria de Galicia mozos/as de entre 16 e 30 anos para a súa participación como voluntarios/as na realización de proxectos que contribúen ao desenvolvemento comunitario e á mellora da calidade de vida do contorno a que se dirixen. Así, establécense como prioritarias –que non excluíntes– para acollerse a subvención as iniciativas centradas nas seguintes actividades: as relacionadas co Camiño de Santiago; as que teñen por obxecto a recuperación da cultura, arte e tradicións populares galegas; as que se levan a cabo con colectivos en

situación de risco; accións xuvenís; propostas ambientais, intervencións relacionadas coa igualdade de xénero e a posta en marcha de programas de voluntariado no ámbito familiar.

A cantidade que se subvencionará a cada entidade calcúlase a razón de 10 euros por voluntario/a e día, dos cales 6 euros diarios son entregados pola entidade ás persoas voluntarias para cubrir os custos de desprazamento e manutención, mentres que os 4 euros restantes a entidade os empregará para cubrir os gastos de seguros de accidente e de responsabilidade civil das persoas voluntarias, así como os demais gastos correntes. Non se subvencionan máis de 8 persoas voluntarias por proxecto; e ao finalizar a acción os voluntarios que participan nelas obteñen da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado un certificado de experiencias voluntarias que será depositado no Rexistro da Acción Voluntaria de Galicia.

Mocidade solidaria

O voluntario é un valor de alza na nosa Comunidade Autónoma, como o demostra o feito que a acción voluntaria en Galicia incrementa ano tras ano o número de voluntarios e de entidades inscritas no Rexistro da Acción Voluntaria. Deste xeito, se en 2009 estaban anotados 35.960 voluntarios e 720 entidades, nestes momentos as persoas voluntarias ascenden xa a un total de 38.930, e as entidades rexistradas son 875, cun incremento porcentual do 8,5% e do 21% respectivamente.

Este tipo de programas de educación non formal ou informal constitúe a base sobre a cal se asentán os programas da Dirección Xeral de Xuventude, participación e voluntariado, xa que as políticas máis modernas e innovadoras dirixidas ao colectivo xuvenil en toda Europa teñen como nexos de unión a educación non formal como medio para mellorar as competencias curriculares dos mozos e mozas. O Goberno galego completou nesta lexislatura o proceso iniciado en 2010 que permitiu a renovación total dos programas de xuventude, Participación e Voluntariado; pasando das antigas accións baseadas na xestión do lecer e do tempo libre a executar iniciativas en que a adquisición de novas experiencias xuvenís se realiza a través de programas de educación non formal.

Deste xeito, a Administración autonómica vén poñendo en marcha nos últimos anos proxectos pioneiros en todo o Estado que facilitan á mocidade a adquisición de coñecementos, habilidades e aptitudes que aumentan as súas posibilidades de empregabilidade. Algúns destes novos programas son Iniciativa Xove, Voluntariado Xuvenil, Erasmus +, Galeuropa, Campaña de Verán ou Deseñando o teu futuro.